

+ AVEN TURRA

CAMPAMENTOS MOCIDADE 2024

Aberta a
preinscrición
do 20 ao 22
de maio

Idade:
12 a 17
años



Máis información en
coruna.gal/campamentos2024

CAMPAMENTOS MUNICIPAIS

INFORMACIÓN CAMPAMENTOS MOCIDADE 2024

PERSOAS DESTINATARIAS

Mozas e mozos de 12 a 17 anos (nados entre 2007 e 2012), organizados en grupos de idade.

*Poderán participar mozas e mozos con con diversidade funcional. No caso de obter praza no sorteo, as persoas organizadoras do campamento contactarán coas familias para valorar as adaptacións necesarias no cada caso particular.

CALENDARIO

Preinscrición: 20, 21 e 22 de maio.

*Online a través da web

www.coruna.gal/campamentos2024

**Asignarase un número a cada solicitude de praza atendendo á orde de entrada dos formularios de solicitudes.

Publicación de listaxes de menores preinscritas/os: 31 de maio.

Reclamacións: 31 de maio e 3 de xuño.

Sorteo das prazas: 5 de xuño.

Publicación de listaxes de admitidas/os: 11 de xuño na web www.coruna.gal/campamentos2024

*Só será adxudicado un turno de campamento por persoa

**Habilitarase unha listaxe de agarda en cada un dos turnos para cubrir aquelas prazas que non teñan a inscrición formalizada ou renunciaron á mesma.

Inscrición: 11 a 17 de xuño.

***Confirmación de praza:** as persoas admitidas deberán confirmar a aceptación da praza enviando un correo electrónico ao enderezo xuventude@coruna.es

**No caso de non recibilo no prazo establecido, a partir do 18 de xuño a praza será adxudicada a seguinte persoa da listaxe de agarda.

**É preciso un mín. de 30 participantes por quenda. No caso contrario, o Concello reservase a opción de anular a oferta do turno que non acade o mínimo.

***Os irmáns deberán anotarse de forma correlativa. Se non é así, non se garante que estean xuntos.

****No caso de que haxa duplicidade nalgunha solicitude por realizala dúas persoas distintas para un mesmo menor terase en conta a realizada en último lugar.

QUENDAS

1ª Quenda: do 1 ao 12 de xullo.

2ª Quenda: do 15 ao 26 de xullo.

HORARIO

De luns a venres de 09.00 a 14.00 h

*Os días festivos non haberá campamento.

ESPAZO DE REALIZACIÓN

Polideportivo de Labañou.

*A actividade combinará unha sede fixa coa saída a espazos urbanos para a realización de actividades ao aire libre.

TRANSPORTE

Habilitarase un autobús que realizará unha ruta de ida e volta con 6 paradas establecidas pola organización.

Nº PRAZAS

100 (50 en cada quenda).

COTA DE INSCRICIÓN

Gratuito. Inclúe o transporte.

*Ao ser unha actividade de carácter gratuito e con alta demanda, a falta inxustificada suporá a baixa inmediata da persoa participante na actividade.

TIPOLOXÍA DE ACTIVIDADES

Multideportivas e no medio acuático: iniciación ao snorkel, kaiak, paddle surf, tiro con arco, propostas de deporte alternativo como kinball, floorball e ultimate, xogos deportivos na praia, deportes de equipo, etc...

Lúdico recreativas: Xogos de rastrexo e de pistas, orientación, xeocatching, obradoiros creativos, xogos de cooperación, etc...

Medioambientais: Senderismo pola contorna medioambiental, rutas de coñecemento e recollida de algas, elaboración de xogos con material de refugallo, etc...

ACEPTACIÓN DE CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

As persoas participantes deben comprometerse co cumprimento dunha serie de requisitos esenciais de carácter sanitario e legal a través dun documento de aceptación de condicións de participación, obrigación de información e consentimento informado. Este documento terá que asinarse e ser entregado antes do inicio do campamento pola nai, pai ou responsable legal do/a menor.

+ INFORMACIÓN E INSCRICIÓN EN:
CORUNA.GAL/CAMPAMENTOS2024
CORUNA.GAL/MOCIDADE